

CAMBIEMOS O CONTO!

TEMPORALIZACIÓN: 4 SESIÓNS DE CLASE

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE**1 Cántame un conto**

Obxectivo: descubrir as nosas propias actitudes perante os conflitos. Favorecer o diálogo e a escoita como ferramentas para resolvelos.

Descrición: unha das mellores maneiras de avaliar as nosas actitudes e respostas aos conflitos é a través da análise dos contos clásicos. Proporemoslle ao grupo traballar sobre un conto popular coñecido por todos e todas, o de Carapuchiña Vermella. Como punto de partida, un deles explicará o conto tal como o coñecemos. Acto seguido comentárolles o sucedido de acordo con algunhas das preguntas que presentamos a continuación.

Orientacións: Podemos incluír preguntas como: quen é o bo do conto? E o malo? Atopades esta división noutros ámbitos da vosa vida? Quizais a través do que vexades na televisión? Por que credes que os diferentes personaxes actuaban ao seu xeito? Que credes que vos contaría o lobo se lle preguntásemos a súa versión do ocorrido? Seríades capaces de volver contar o conto desde o punto de vista do lobo? Como resolve o leñador o conflito? Parécevos unha boa opción? De que outro xeito podería telo resolto? A continuación pedirémoslle ao grupo que invente un final alternativo á historia.

2 Imaxe do inimigo: O prato de arroz

Obxectivo: intentar desmontar a imaxe do inimigo e aprender que a cooperación pode ser a mellor opción para conseguir solucións satisfactorias para todas as partes.

Descrición: describiremos unha situación extrema onde temos un único prato xigante de arroz (podemos simulalo con bólas de papel). Situremos o grupo arredor do prato e no outro extremo da aula colocaremos unha culler tamén xigante, de dous ou tres metros. Á terceira chamada damos instrucións para que vaian buscar a culler e comecen a comer.

Orientacións: o grupo percibirá axiña que para poder levar a comida á boca necesita cooperar. Uns deberán servirlle o arroz aos outros. Podemos orientar a avaliación mediante preguntas como: como vos sentistes? Que sucedeu ao principio? Como viades ao resto dos compañeiros e compañeiras cando competiades pola comida e o mando da culler? Nalgún momento vos identificastes cos vosos amigos? Por que? Lémbraivos algunha situación da vida de fóra do centro? Conseguistes comer todos? Sentistes que no día a día do centro nos atopamos perante situacións similares? Queremos demostrar que a mellor estratexia individual pode ser a peor estratexia colectiva e que a miúdo non temos motivos para ver como un inimigo a aquel co que competimos polos nosos obxectivos; a longo prazo pode resultar máis eficaz cooperar con el ou ela para conseguir unha solución satisfactoria para todos. Un dos mellores xeitos de romper a imaxe do inimigo é favorecer o coñecemento entre os alumnos, aquilo que os une máis do que os separa.

Instrucións complementarias: no caderno de traballo de 2º ciclo encontraredes un debuxo sobre como realizar a culler. Podedes usar diversos materiais, como, por exemplo, papel de xornal unido con cinta aillante ou un par de paos de vasoira.

3 O peso das armas: A nena e o monstro

Obxectivo: reflexionar sobre os conceptos de seguridade e liberdade. Valorar as causas do uso das armas e porpoñer alternativas non violentas á resolución dos conflitos.

Descrición: a continuación presentamos un conto fragmentado. O educador ou educadora lerá cada parte deténdose puntualmente para formular as preguntas correspondentes despois de cada pausa e apuntará as respostas no taboleiro antes de continuar coa historia.

Hai moito tempo, nun reino sen nome que se alzaba sobre unha montaña frondosa, apareceu un monstro de dúas cabezas

Por que cres que apareceu o monstro? Que buscaba?
Como imaxinas que reaccionou o rei?

Perante semellante rareza, o rei mandou matar o monstro e enviou de inmediato a todas as súas tropas, armadas ata os dentes

Por que cres que enviou as tropas?
De que tiña medo?
Parécevos perigoso o monstro? Non dixemos que cuspiía fogo nin que tiña as gadoupas afiadas.

Aínda que o monstro nunca devolveu os ataques, non conseguiron afastalo nin con todos os fusís e lanzas do reino. Entón unha nena pequena, desobedecendo os desexos do rei, que lles ordenara aos habitantes que se pechasen nas súas casas e se mantivesen armados, achegouse ao monstro...

Por que cres que mandou o rei aos habitantes que se pechasen nas súas casas?
Había motivos, ata ese momento, para sentir medo?
Estaban máis seguros polo feito de ir armados? Lembremos que o monstro nunca respondeu aos ataques.
Como cres que reaccionou a nena?

E preguntoulle:

- Desculpe, señor monstro, por que veu molestar ao noso pobo?

- Molestar? –respondeu o monstro–. Eu só buscaba un lugar alto para que as miñas dúas cabezas puidesen contarme que se ve a ambos os dous lados do val.

- Se é así –propuxo a nena– que lle parece se me sobe a unha das súas cabezas e buscamos un lugar por aquí preto onde a xente non se sinta ameazada e vostede poida contemplar o val?

E fixérono así

Que che parece a idea da nena?
Por que cres que ninguén intentou antes falar co monstro?
Cres que a miúdo nos comportamos como se comportaron co monstro os habitantes dese reino sen nome? En que situacións?

Orientacións: unha vez finalizado o conto, podemos engadir algunhas preguntas máis xerais, como: Como cres que te terías sentido no lugar do monstro? Había motivos para atacalo? Por que non lle preguntaron antes que é o que buscaba? Convén chamar a atención sobre temas de actualidade, como a percepción negativa que, a miúdo, temos da xente que vén de "fóra" e sobre o absurdo de protexernos de algo que non nos ameaza. Se queremos insistir nos medos, podemos preguntar abertamente: Que cousas nos dan medo? Que facemos para protexérmolos deses medos?

Propostas complementarias: podemos pedirlle ao grupo que debuxe as diferentes viñetas ou ben que as represente a través do teatro-imaxe: despois de ler cada fragmento o grupo repartirá os papeis e realizará unha imaxe estática, a xeito de estatua.

4 **Chegar ao outro lado**

Obxectivo: visualizar as consecuencias das armas e potenciar a cooperación.

Descrición: explicámoslle ao grupo que foi vítima dun ataque con armas convencionais. Dividímolos en tres subgrupos de acordo coas consecuencias que sufriron: uns quedaron cegos, outros perderon un brazo e outros unha perna (ao primeiro grupo vendámoslle os ollos e aos outros dous inmovilizámoslle un brazo ou unha perna termándollos cunha venda). Situaremos aos alumnos e alumnas a un lado da aula e colocaremos algúns obstáculos entre eles e o lado oposto. A continuación contarémoslles que o seu obxectivo é conseguir que todos e todas cheguen ao outro lado no menor tempo posible.

Orientacións: podemos dividir a avaliación en dúas partes de acordo cos obxectivos. Nun primeiro momento preguntámoslles como lles afectaron as consecuencias das armas. Como vos sentistes coa incapacidade? Acto seguido valoraremos como se organizaron para cooperar uns con outros e así conseguir o obxectivo común de chegar ao outro lado. É importante ter en conta como resolveremos a dinámica en caso de ter algún alumno discapacitado no grupo. Trátase dunha potencialidade que nos pode axudar na avaliación pero que debemos contemplar antes de iniciar a proposta.

5 **Propostas de acción: A transformar!**

Obxectivo: valorar a importancia da conversión das armas. Fomentar a creatividade.

Descrición: a idea é dividir a clase en 3 ou 4 grupos segundo o número de alumnos. Cada un deles, como se se tratase dunha fábrica (cadea de montaxe), tomará unha masa de plastilina e deberá moldear tantas armas como compoñentes teña o grupo. Despois leremos a historia de Roberto e pedirémoslles que, individualmente, convirtan a súa arma noutro obxecto. Se se considera oportuno, poden volverse formar os grupos para realizar unha única figura. En calquera caso, convén reservar un espazo na aula para expoñer o resultado final.

Orientacións: nun primeiro momento é importante non limitar nin condicionar a imaxinación dos alumnos e alumnas. Máis que valorar o resultado final, trátase de valorar o proceso e de chamar a atención sobre as posibilidades que abre a conversión de armas (acceso a postos de traballo, compensación en forma de terras...).

Animámosvos a participar na proposta de comunicación interescolar por Internet de Intermón Oxfam. No enderezo web <http://www.intermonoxfam.org/conectandomundos> atoparás a proposta detallada de *Conectando mundos* para o 1º ciclo de primaria.

Cada 30 de xaneiro, conmemorando o falecemento de Mahatma Gandhi, celébrase o DENIP, Día Escolar da Non-Violencia e a Paz. Propoñémosvos que vos unades, se é que non o fixestes xa, ás numerosas escolas que levan a cabo algunha actividade especial co gallo desta data.

2º ciclo de primaria

CANBIEMOS O CONTO



Autor: Carles Vidal

êc̃p escola de
cultura de pau



Intermón Oxfam

1 CÓNTAME UN CONTO

Pensa no conto de Carapuchiña Vermella e contesta estas preguntas:

1. Quen é o bo do conto?

2. Quen é o malo?

3. Cal é o problema que enfrenta aos personaxes?

4. Como resolve o leñador o conflito?

5. Que cres que nos contaría o lobo sobre o sucedido?

Inventa un final alternativo á historia de Carapuchiña Vermella e debúxao.

2


O PRATO DE ARROZ

Imaxina...

Desembarcaches xunto cos teus compañeiros e compañeiras nunha illa deserta. Despois de varios días sen comer, atopades un prato xigante de arroz co que seguramente vos poidades alimentar todo o grupo. Estadés sentados arredor del e comézanvos a ruxir as tripas. O problema é que só dispodes dunha culler enorme para levar o arroz á boca.

Preparados, listos... xa!


Para o mango da culler podedes usar un pau de vasoira ou papel de xornal enrolado e unido con papel de embalar.



Para simular o arroz usede bólas de papel de xornal. Para facer a cunca podedes usar o modelo da base da culler.



Para a base da culler podedes usar cartón duro e recortalo tal como se indica no modelo.




Hai moito tempo, nun reino sen nome que se alzaba sobre unha montaña frondosa, apareceu un monstro de dúas cabezas.

Perante semellante rareza, o rei mandou matar o monstro e enviou de inmediato a todas as súas tropas, armadas ata os dentes.



Aínda que o monstro nunca devolveu os ataques, non conseguiron afastalo nin siquiera empregando todos os fusís e lanzas do reino. Entón unha nena pequena, desobedecendo os desexos do rei, que lles ordenara aos habitantes que se pechasen nas súas casas e se mantivesen armados, achegouse ao monstro...



... e preguntoulle:

- Desculpe, señor monstro, por que veu molestar ao noso pobo?
- Molestar? –respondeu o monstro. Eu só buscaba un lugar alto para que as miñas dúas cabezas puidesen contarme que se ve a ambos os dous lados do val.
- Se é así –propuxo a nena– que lle parece se me sobe a unha das súas cabezas e buscamos un lugar por aquí preto onde a xente non se sinta ameazada e vostede poida contemplar o val?

E fixérono así.



S

A TRANSFORMAR!

Ola, chámome
Roberto e vivo en Mozambique.

Durante moito tempo o meu país estivo en guerra. Cando por fin acabou a guerra, a xente desconfiaba, así que a maioría das persoas gardaron unha arma na casa para defenderse. Na miña casa tamén o fixeron, así sentiámonos máis seguros.

Entón púxose en marcha un proxecto de intercambio de armas. Os meus pais déronlle moitas voltas, porque tiñan medo de que volvесе comezar a guerra. Finalmente decidiron cambiar a arma que tiñan agachada por picos, aixadas e varios paquetes de sementes.

Agora temos un horto que nos dá para comer e o que nos sobra podémolo vender no mercado.



PARTICIPA!



conectando_mundos

DENIP

Día Escolar da Non-Violencia e a Paz